


Natasha e Dimitri



Título: Natasha e Dimitri
Autor: Antonio Yáñez Casal
Ilustrador: Rodrigo Chao
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 136
ISBN: 978-84-9782-482-8
Idade: De 7 anos en diante

XERAIS



o autor

Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959)

Foi por dúas veces finalista do Premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil, convocado pola Deputación Provincial da Coruña, coas obras *Don Cosme e o telegrama amarelo* (2004) e *Crisóstomo o alifáfar* (2006). Na última edición resultou gañadora a súa obra *Viaxe a Libunca*.

Lóbez obtivo o premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira 2006.

Este é o seu primeiro libro publicado nesta colección.

o ilustrador

Rodrigo Chao (Boiro, 1976)

Cursou estudos de ilustración. Conta con experiencia no campo da animación. Publicou *Adiós, ríos; adiós, fontes* e *O conto dos Silencios*.

Ademais deste libro, ten publicado na colección Merliño *A carreira dos sacos*.


As súas son unhas ilustracións ledas e expresivas, nas que os animais se humanizan e os bebés amosan o seu lado máis divertido. Por veces, a suavidade das cores crea uns fondos con argumento.

o libro

Natasha e Dimitri resultou finalista do Premio Merlín de literatura infantil 2005. Relata as aventuras dunha cegoña transportista. Dimitri é unha desas cegoñas que trasladan os nenos desde París a calquera lugar do mundo. Nunha das viaxes coñece a Natasha, da que namora. É entón cando comezará a debaterse entre cumprir as súas responsabilidades e o que lle pide o corazón.

Cómpre dicir, con todo, que o libro non só conta esa historia. No relato atoparemos tamén unha garza disposta a cumprir as súas expectativas aínda que estas non coincidan coas da especie.


temas e valores



O gusto polo traballo. A vocación



A responsabilidade na toma de decisións
e no traballo a realizar.




O mito das cegoñas

que traían os bebés de París «antes de que os nenos nacesen dos ventres das nais».




A tipoloxía das cartas




As viaxes e os lugares:

París, Italia, Irlanda...



A amizade entre diferentes:

unha ra e unha cegoña.



A defensa dos outros

É a cegoña quen defende o dereito da garza a ser transportista.

actividades

* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos o seu posible argumento e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Pensamos se este título nos lembra outros.
- Escribimos un relato con ese título.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a adiantar o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca das cegoñas, ou experiencias relacionadas coa toma de decisións.
- Identificamos o autor, buscamos datos acerca del e das súas obras. Realizamos buscas na biblioteca e en internet.
- Informémonos sobre o premio Merlín: cando se convocou por primeira vez, que libros e autores posúen este galardón...
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Repasamos a lapela na que aparecen «Últimos libros da colección».
- Creamos historias de cegoñas e ímonolas contando os uns aos outros. Posteriormente poderemos escribilas.
- Comentamos a dedicatoria e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras.
- Botámoslle unha visual ás ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás (non vale ler!).

Ao longo da lectura

- Cunha ollada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Os capítulos aparecen numerados. Unha vez lido cada un deles, poñerémoslle o título que nos parece máis axeitado.
- Identificamos quen conta a historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Observamos que os animais, ademais do nome cos que o recoñecemos normalmente (cegoña), adoitan ter outro (cegoña branca ou cegoña común) e moitas veces aparece en latín o nome científico. Busquemos algún exemplo.

actividades

- Vaíamos situando nun mapa (ou varios) todos aqueles lugares que van aparecendo no relato: República de Ucraña, Inglaterra, París, Italia, Alpes, Módena, Pisa, Turín, Rímini, Roma, Polonia, Exipto, Po, Irlanda, Canal da Mancha... Expliquemos con que se corresponde cada un deles: país, cordilleira, cidade...
- Hai animais que son ovíparos. Adoitan vir ao mundo en niñadas, pois os pais chocan varios ovos a un tempo. Fagamos un longo listado de ovíparos e, ao lado de cada un deles, o que saibamos das súas rolas.
- O bebé humano daquel tempo, de que nacerían? Escribamos esa fantástica historia.
- Imos anotando cada un dos animais que aparecen no relato. Posteriormente poderemos distribuírnolos de cara a realizar un traballo en equipo sobre cada un deles (cegoña, carocha, andoriña, grilos, escornabois, lagartas, aguias, lobo, golpe, ra...).
- Hai carreiras e carreiras, a de Técnica Transportista de Crías Humanas é unha delas. Elaboremos un listado doutras que nos resulten así de fantasiosas fronte a un listado de carreiras máis tradicionais.
- O uniforme das cegoñas transportadoras é unha gorra. Creádelle un uniforme propio a cada unha das profesións que inventádes.
- Imos converternos en examinadores. Elaboraremos probas que lles pasaremos a outros compañeiros ao estilo das que debe superar o noso protagonista.
- Continuar series, é dicir, formar palabras cambiando de lugar as letras dunha palabra dada.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións tentando explicar o que nos mostran e observando que nos achegan informacións novas, que non sempre aparecen nos textos.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a nosa escolla.
- No texto aparecen diferentes tipos de terreos: pantanos, brañas, desertos, lameiros... Localizade algún máis e indagade os nomes dalgún outro chan que non apareza no relato. Realicemos un debuxo ilustrativo de cada un deles.
- Resumimos un capítulo contándoo en poucas palabras.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto.
- Imos recollendo información sobre cada un dos personaxes para poder describilos.
- Elaboramos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles a primeira vista.
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Contestemos:
 - Lembra os dous procedementos de transporte que adoitaban levar a cabo as cegoñas? Cales eran as vantaxes de cada un deles?

actividades

- Que é o tantarantán? E un dixomedíxome?
- Cal é o Artigo Un do seu Regulamento?
- Que barbaridades fixo Dimitri cando namorou?
- De que lugares de París se fala? Busquemos imaxes que os representen.
- Por que se di que Mola di Bari está no talón da bota –en Italia–?
- Quen é Ra para os exipcios?
- Que son batracios?
- Por que cres que as cegoñas fan os niños nos campanarios das igrexas?
- Por que cres que é esbrancuxado e de roxo cabelo o neno que Natasha entrega en Irlanda?
- Que é o letargo?
- As cartas á dirección e as respostas que recibe Dimitri son correspondencia oficial; de aí que resulte tan formalista. Observémolas e tentemos escribir algunha seguindo eses modelos.
- Os nomes e os países... O de Dimitri ten un aire ruso. Busquemos outros nomes que poidamos relacionar cos seus países de orixe.
- Debuxemos postais de parellas namoradas: de cegoñas, de ras...
- No texto aparecen frases feitas que nos resultarán interesantes como «non daba nin a pé nin a man», «andar da Ceca para a Meca», «cae de caixón», «ir calada coma un peto»... Buscade outras e comentade, entre todos, o seu significado.
- Tomamos nota das plantas que se citan no texto: canas, espadanas...
- Reflexionemos sobre a responsabilidade de cada un de nós, isto é, sobre aquilo que é responsabilidade nosa e como nos facemos cargo dela.
- O desexos de cada un. Dimitri quería ser, máis que nada no mundo, transportista de bebés; a ra quería coñecer París; a garza quería transportar bebés... Pensemos naquilo que desexamos nós.
- Nicoletta é unha garza diferente... Nunca tal se vira, unha garza carretando un neno! Por que non pode ser transportista unha garza e si unha cegoña? As mulleres tamén tiveron que defender o seu dereito a traballar en profesións que antes estaban só destinadas aos homes. Preguntemos na casa que hai de todo iso. «Iso nunca se viu na Historia!» –dixo a garza directora. Fronte a iso, debemos pensar que se pode evolucionar para evitar discriminacións e que esa resposta non é válida nin convence a ninguén. Realicemos un debate acerca deste tema: dos dereitos a ser o que se queira e a defender o que é xusto, cambiando a tradición.
- «Deixar o neno medio abandonado no lamazal fora un descoido imperdoable –pensou Dimitri. Lembremos algún que tivesemos cada un de nós e a maneira na que a conciencia nos quita o sosego.
- O mundo visto desde os ollos dunha cegoña é outra cousa; ben sendo algo así como a visión en ángulo picado á maneira dos que aparecen nos cómic.


actividades

Debuxemos a nosa cidade ou aldea vista desa maneira.

- Ás ras as crías humanas danlle noxo. ¿Que nos dá noxo a nós?
- Na páxina 88 hai unha observación científica que debemos atopar e comentar.
- Garza Real. O adxectivo «real» aquí, compételle á realeza ou á realidade?
- «Unha desculpa non é suficiente para reparar un dano» explica Dimitri. Que opinamos ao respecto? Realicemos un debate no que ir sacando conclusións sobre a maneira de facelo.
- Busquemos información sobre a migración das cegoñas.

Despois da lectura

- Busquemos no texto descrições da natureza nas diferentes estacións do ano.
- Comentemos os valores que defende o autor neste texto.
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura e as ideas que foron xurdindo ao longo da mesma.
- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribimos a historia da garza unha vez que se converte en transportista, ou a das dúas cegoñas agora xa comúns, ou a vellez da ra viaxeira.
- Escribímoslle ao autor comentándolle a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este (por teren aos animais como protagonistas, por defenderen valores parellos...).
- Buscamos as outras obras do autor para poder seguir lendo.
- Localizamos outros libros ilustrados por Rodrigo Chao.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalaríamos este libro e escribimos a dedicatoria.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Depósito legal: VG. 51-2007